



FRONTEIRAS

de
Guadi Galego


Alí onde calman os _____
onde a _____ fai o seu leito.
Un leito prácido e _____
como o _____ perdendo o tempo.
Tempo que pasa e non para,
sen pedir o _____.
Tempo que toma partido
polos _____ cada vez máis fríos.



Mentres tanto ti e máis eu
_____ **fronteiras por pontes.**

Trazamos un novo _____
_____ **cancelas con flores.**

Mentres tanto ti e máis eu
buscamos _____ **de alento,**
roubamos _____ **ao vento,**
tecemos con elas o _____.



Espertaban as Encrobas*
mentres as _____ soñaban
cun *roteiro* de esperanza
para _____ a súa manda.
Unha parola coa _____
nas paradas de cada *bairro*,
nun andel ou _____ beira,
na _____ de cada carballo.



Estribillo

Non alimentas meus _____,
eu xa non creo nos demos.
Son _____ ventureiro
polos camiños do _____. x2

Mentres tanto ti e máis eu
mudamos _____ **por pontes.**
Trazamos un novo _____
abrindo _____ **con flores.**





ANALIZAMOS A LETRA DA CANCIÓN:

1. DE QUE CRES QUE TRATA A CANCIÓN? ESCOLLE A RESPOSTA OU RESPOSTAS CORRECTAS.

- Respecto
- Convivencia
- Desigualdade
- Violencia
- Amizade
- Machismo
- Diversidade cultural
- Pobreza

2. QUE É UNHA FRONTEIRA? EXPLÍCAO COAS TÚAS PALABRAS.

3. QUE QUEREN DICIR ESTAS ORACIÓNS?

- Mudar fronteiras por pontes
- soñaban cun roteiro de esperanza para toda a súa manda
- xa non creo nos demos
- trazamos un novo mapa abrindo cancelas con flores



4. QUE OPINAS TI DO QUE DI A CANCIÓN? REFLEXIONA E ESCRIBE UN PEQUENO TEXTO.





ANALIZAMOS A GRAMÁTICA, ORTOGRAFÍA E VOCABULARIO:



5. BUSCA TODAS AS PALABRAS CON DITONGO E HIATO:

6. BUSCA TRES PALABRAS DE CADA TIPO:

- monosílabas
- bisílabas
- trisílabas
- polisílabas

7. FÍXATE NAS SEGUINTES FORMAS VERBAIS E CLASIFÍCAAS:

PERSOA NÚMERO TEMPO CONXUGACIÓN

- alimentas
- espertaban
- tecemos
- calman
- fai
- soñaban
- creo
- roubamos

8. BUSCA NO TEXTO UNHA PALABRA QUE SIGNIFIQUE:

- conversación amigable e informal
- móbile onde se dorme
- conxunto de animais da mesma especie
- zona situada no extremo dunha cousa
- que vive fóra da casa e procura o seu propio alimento



9. A PALABRA "ANDEL" ESTÁ USADA CUN SIGNIFICADO QUE NON LLE CORRESPONDE. POR QUE PALABRA A PODERÍAS CAMBIAR?

10. AS PALABRAS "BAIRRO" E "ROTEIRO" TAMPOUCO SE ATOPAN NO DICCIONARIO, SON PALABRAS DE USO POPULAR. QUE QUERE DICIR ISTO?

11. FÍXATE NAS SEGUINTES ORACIÓNS, RODEA O VERBO E IDENTIFICA O SUXEITO E O PREDICADO:

- As lobas soñaban cun roteiro de esperanza
- Roubamos palabras ao vento
- A noite fai o seu leito

12. BUSCA NA CANCIÓN TODAS AS CONTRACCIÓNS
palabras formadas pola **unión** dunha **preposición** (a/de/en) e un **determinante**
QUE HAXA E EXPLICA POR QUÉ ESTÁN FORMADAS:

13. LOCALIZA ESTES ADJECTIVOS (palabras que indican calidades do nome)
NA CANCIÓN E AVERIGUA A QUE NOME SE REFIRE CADA UN: PRÁCIDO, FRÍOS, VENTUREIRO, LENTO, NOVO.

14. ATOPA UNHA PERSONIFICACIÓN NA CANCIÓN
(recurso que consiste en atribuír cualidades humanas a seres inanimados ou non humanos).

15. LOCALIZA PALABRAS ANTÓNIMAS NA CANCIÓN
(palabras que signifiquen o contrario)